



# CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2023



DEPORTE  
GALEGO

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

## REGULAMENTO PARTICULAR



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



Plan de  
Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia



Consejo  
Superior  
de Deportes

**PROBA: 28º AUTOCROSS O CASTRO**  
**CIRCUITO: O CASTRO**

**PROVINCIA: A CORUÑA**  
**DATA: 14/10/2023**



## Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A Escuderia Rallyactividad Competicion organiza o 28º Autocross o Castro que se desenrolará o día 14 de Outubro do ano 2023.

Esta proba de Autocross-Rallycross disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023, o regulamento xeral do Campionato de Autocross, o regulamento xeral do Campionato de Mix-Cross, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 11-09-2023. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-047-AU.

## Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

**2.1. Clase I.** Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada ata 1.600 c.c., de estrita serie, e conforme co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

MODIFICACIÓNES AUTORIZADAS	MODIFICACIÓNES NON AUTORIZADAS
<ul style="list-style-type: none"><li>.- A batería pódese instalar no interior do habitáculo.</li><li>.- Pódese instalar unha botella de auga para o limpiaparabrisas supletoria.</li><li>.- Se pode substituir o filtro de aire orixinal por un de competición.</li><li>.- Os muelles de suspensión poden ser os de serie ou os de competición, homologados pola FGA.</li><li>.- A bomba de gasolina poderá substuirse.</li><li>.- Pódese anular o catalizador.</li><li>.- Baleirado do interior do vehículo (só tapizado do teito, portas, interiores, agás o cadro e reloxos orixinais).</li><li>.- Asento tipo baquet homologado.</li><li>.- Cinto tipo arnés homologado.</li><li>.- Barras de seguridade homologadas.</li><li>.- Volante de competición homologado.</li><li>.- Os faros pódense quitar e anular, así como os intermitentes (dianteiros e traseiros), tapando os ocos.</li><li>.- Pezas de recambio VO, orixinais ou de competición, pero que figuren no tarifario de recambios do construtor.</li><li>.- Autorizase a montar un cubrecarter de protección.</li><li>.- Instalación obligatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos no Anuario da F.G. de A.</li><li>.- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles calquera modificación ten que ser consultada, e autorizada ou rexeitada, por escrito á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.</li><li>.- Autorizase a substitución das zoas acristaladas por policarbonato, agás o parabrisas que ten que ser laminado.</li><li>.- Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>.- Vehículos de estrita serie.</li><li>.- Cilindrada ata 1600 c.c.</li><li>.- Cadro de reloxos e salpicadeiro de orixe.</li><li>.- Sen crabox.</li><li>.- Sen autolocante.</li><li>.- Lamias de 15 pulgadas máximo.</li><li>.- Pneumáticos Pirelli das seguintes medidas:<ul style="list-style-type: none"><li>- 165/70 R14 TLST T6.</li><li>- 165/70 R15 TLST K6 RIGHT.</li><li>- 165/70 R15 TLST K6 LEFT.</li></ul></li><li>.- Amortiguadores de serie (V.O.) do fabricante.</li><li>.- Motor de caixa do fabricante.</li><li>.- Freo de man hidráulico.</li><li>.- Depósito da gasolina.</li><li>.- Instalación eléctrica de serie.</li><li>.- As partes metálicas interiores dos capots, de orixe, sin recortar.</li><li>.- As portas de orixe, sin recortalas chapas interiores.</li><li>.- Quickshift non se pode montar.</li><li>.- Silencioso enteiro de serie, agás o último que se autoriza a substituílo por tubo recto.</li><li>.- Defensas de serie.</li><li>.- Prohibido reforzos frontais do chasis, etc.</li><li>.- Cabreado que vai para as luces de atrás para que funcione a de po.</li><li>.- Non se autoriza a participación de vehículos de tracción traseira.</li></ul>

**2.2. Clase II.** Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos e de máis de 1.600 c.c. vehículos de tracción dianteira, sen límite de cilindrada, con crabox, con autolocante e



co motor preparado, conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Instalación obligatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2023.

**2.3. Clase III. CARCROSS.** Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindrada máxima de 600 c.c. Instalación obligatoria de calquera equipo de extinción (tipo A ou C) dos admitidos polo Anuario 2023.

- **FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.**

#### **2.4. Clase IV. Grupo P.**

- Supercrosscar (provintes de turismos), e 4x4 (libres, e prototipos). Os Supercrosscar, e os 4X4 non provintes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automobilismo, para Autocross ou Montaña, e terán que posuér un pasaporte técnico obligatorio. Os vehículos deberanse presentar nas verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumpli-los pesos mínimos, de 900 quilogramos os Supercrosscar, e de 1000 quilogramos tódolos 4x4, provintes de serie, e de prototipos. Instalación obligatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2023.

- Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, de dúas (tracción traseira) ou catro rodas motrices, cunha cilindrada superior a 2.000 c.c., e inferior a 4.000 c.c., incluíndo os vehículos que dispoñan de sistema de sobrealimentación que estean conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross, e con autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo, previa solicitude razoada.

- Para vehículos con dous motores de moto, a cilindrada máxima será de 3.800 c.c. (Atmosféricos).

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-1, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con catro rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea.

#### **CARACTERÍSTICAS:**

a) A cilindrada máxima será, de 4.000 c.c., ben teña un ou dous motores de coche.

b) Para vehículos equipados con dous motores de moto a súa cilindrada máxima total será de 3.000 c.c.

c) En vehículos sobrealmientados, a cilindrada nominal multiplicarase polo factor corrector 1.7.

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-2, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con dúas rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea. Con motor de moto, de propulsión traseira e cilindrada máxima de 1.500 c.c. situado na parte posterior.

- Tamén serán admitidos os vehículos da categoría E-3.

- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido non convertibles.

**2.5. Clase V. Carcross Junior.** Según regulamentación publicada no Comunicado Nº 071/2022 na web da Federación Galega de Automobilismo.

#### **2.6 Clase VI. División III.**

- **Super Buggy.** Dacordo ó Art. 279A do Anexo J do CDI.

- **Buggy 1600.** Dacordo ó Art. 279A do Anexo J do CDI.

**2.7 Clase VII.** Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos 2.500 c.c. vehículos de tracción traseira. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Instalación obligatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2023.

**2.8.-** Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

**2.9.-** Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba, nin ser utilizado por dous participantes.



**2.10.-** Ningunha categoría será constituída de non haber 6 vehículos inscritos, coa súa inscrición e seguro abonado na proba na que pretendan participar a tódolos efectos.

#### **Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.**

3.1.- Os dez mellores clasificados de cada clase outorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2022.

3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no parabrisas segundo o artigo 11 do Regulamento Xeral de Autocross.

3.3.- Recoméndase que as organizacións dispongan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de Carcross e Turismos.

3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

3.5.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer dítos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

#### **Artigo 4.- INSCRICIÓN.**

4.1.-Toda persoa que desexe participar na proba do 28º Autocross o Castro deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumplimentado, á secretaría da Proba, sita en:

#### **ENLACE PARA A INSCRIPCIONS:**

**E-MAIL: [rallyaktividad@gmail.com](mailto:rallyaktividad@gmail.com)**

**TELEFONO: 609720610**

#### **ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 9 de Outubro de 2023.**

4.2.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumplimentar telemáticamente en “[www.fga.es](http://www.fga.es)” o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requeridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

4.3.- Establécense uns dereitos de 105€ (coeficiente 8), aceptando a publicidade do organizador e dereitosdobres non aceptando a publicidade do organizador.

4.4.- Si nunha categoría só houbese unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador poderá comunicar á Federación a anulación da devandita modalidade.

4.5.- O prazo de admisión de inscricóns pecharase cinco días (luns) antes do inicio da proba, e a publicación da lista de inscritos se fará tres días antes da proba.

4.6.- As inscricóns realizaranse obligatoriamente a través da páxina web da F.G.A., co nome, nº transponder, escudería, vehículo, categoría e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.

4.7.- O Comité de Organización resérvese o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun piloto debéndose dalo motivos. (Artigo C.D.I.).

4.8- Será obligatorio presentar nas verificacións administrativas, as licenzas, requisitos obligatorios para a súa admisión.

4.9.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na entidade bancaria **ABANCA** sucursal de **TARAGOÑA** número de **IBAN ES32 2080 0344 5330 4000 4706**. Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.



## Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	Horario	Programa	Lugar
<b>11/09/2023</b>	14:00	Apertura de inscripciones	
<b>09/10/2023</b>	20:00	Peche de inscripciones	
<b>11/10/2023</b>	19:00	Publicación lista inscritos	Secretaría da proba TEF. 609720610
	6:30 a 7:45	Verific. Administrativas Clase I, II, III, IV, V, VI e VII	
	6:45 a 8:00	Verific. Técnicas Clase I, II, III, IV, V , VI e VII	
	8:00	Reunión dirección de carreira cos oficiais adxuntos	
	8:15	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I, II, III, IV, V, VI e VII	
	8:30	Briefing do Director de Carreira	
	9:00	Sesión adestramentos libres Car Cross	
	10:00	Sesión adestramentos libres Car Cross Junior	
	10:20	Sesión adestramentos libres -1.600 c.c.	
	11:00	Sesión adestramentos libres +1.600 c.c.	
	11:40	Sesión adestramentos libres 4x4	
	12:00	Sesión adestramentos libres Super Buggy	
	12:20	Sesión adestramentos libres Traseira	
	12:40	Adestramentos oficiais Car Cross	
	13:00	Saída adestramentos oficiais Car Cross Junior	
	13:10	Saída adestramentos oficiais -1.600 c.c.	
	13:30	Saída adestramentos oficiais +1.600 c.c.	
	13:50	Saída adestramentos oficiais 4x4	
	14:00	Saída adestramentos oficiais Super Buggy	
	14:10	Saída adestramentos oficiais Traseira	
	15:30	1ª Clasificatoria Car Cross	
	15:50	1ª Clasificatoria Car Cross Junior	
	16:00	1ª Clasificatoria -1.600 c.c.	
	16:20	1ª Clasificatoria +1.600 c.c.	
	16:40	1ª Clasificatoria 4x4	
	16:50	1ª Clasificatoria Super Buggy	
	17:00	1ª Clasificatoria Traseira	
	17:10	2ª Clasificatoria Car Cross	
	17:30	2ª Clasificatoria Car Cross Junior	
	17:40	2ª Clasificatoria -1.600 c.c.	
	18:00	2ª Clasificatoria +1.600 c.c.	
	18:20	2ª Clasificatoria 4x4	
	18:30	2ª Clasificatoria Super Buggy	
	18:40	2ª Clasificatoria Traseira	
	18:50 a 19:20	Finais B (*)	
	19:30	Final Car Cross Junior	
	19:45	Final -1.600 c.c.	
	20:00	Final +1.600 c.c.	
	20:15	Final 4x4	
	20:30	Final Super Buggy	
	20:45	Final Traseira	
	21:00	Final Car Cross	
	21:00	Publicación de resultados según conclúan as finais	
	Deseguido	Rolda de prensa dos vencedores das catro categorías	
	Deseguido	Entrega de premios e trofeos	
			Circuíto

**Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais):** Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por iso, ao deviñer en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios. (\*) De non poder empeza-la Final B no horario establecido os Comisarios Deportivos poderán suspender as Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obrigatorio que



a proba se faga sen pausas intermedias. Si se celebraran más ou menos mangas clasificatorias ou finais B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

#### **Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.**

##### **6.1.- VERIFICACIÓN TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.**

1- Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións técnicas e/ou administrativas- entrega de documentación.

2- Establecerase un horario tipo según o regulamento particular da cada proba e o artigo 5 deste regulamento.

3- Será obligatorio presentar nas verificacións, as licenzas de piloto, asistencia, e de escudería, requisitos obligatorios para a súa admisión.

4- Todo competidor que se presente con atraso ás verificacións por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia da devandita causa e que o atraso se haxa avisado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto para a súa verificación. Neste caso será penalizado cunha multa de 100€, que será remitida integralmente a Federación Galega de Automobilismo. Pasado devandito prazo non será autorizado a tómala saída.

5- Non se admitirá a tomar a saída a aquel vehículo que non estea conforme co artigo 3 do presente Regulamento Deportivo, e co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

6- En algunas probas todos os equipos deberán someterse ás verificacións técnicas requiridas durante a celebración da proba, antes, durante, ou o finalizalo meeting.

7- En tódalas probas do Campionato de Galicia realizaranse verificacións sobre a pesada dos vehículos, a proposta dos Comisarios Deportivos ou do Observador da Federación Galega de Automobilismo. No Regulamento Particular deberá especificarse o espazo para a localización da báscula. En todo caso esta localización poderá variarse por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos.

Pesos mínimos: Condicións de pesaxe: Sen condutor a bordo, depósito de combustible baleiro. Co aceite motor e líquido de refrixeración a nivel, depósito do limpiaparabrisas baleiro. O lugar de pesaxe ten que estar comentado ou asfaltado, a nivel, non valendo o pesaxe si se fai en terra.

Queda terminantemente prohibido lastrar os vehículos, con chumbo, ou con calquera outro elemento que poida mermala seguridade do piloto.

O peso mínimo será o establecido no regulamento aplicable segundo o grupo do vehículo (Anexo J).

<b>Clase I:</b>		
Ata 1400 c.c.		800 kg.
Ata 1600 c.c.		860 kg.
<b>Clase II:</b>		
De 1400 c.c. ata 1600 c.c.		860 kg.
De 1600 c.c. ata 2000 c.c.		920 kg.
Máis de 2001 c.c.		980 kg.
<b>Clase III: CARCROSS</b>		
		310 kg.
<b>Clase IV:</b>		
.- <b>SCC:</b>		
Ata 1000 c.c.		480 kg.
Ata 1500 c.c.		600 kg.
.- <b>SCC 4x4:</b>		
Ata 1600 c.c.		
	1 motor	2 motores
	580 kg.	780 kg.
Ata 2000 c.c.		
	700 kg.	900 kg.
Ata 3000 c.c. ou mais		
	750 kg.	950 kg.
.- <b>TURISMOS:</b>		
Traseira:		1.100 kg.
4x4:		1.200 kg.
Véhiculos sen homologación 1000 kg. (FIA, FGA, RFEA).		

8- A zona habilitada para realizarse a Verificacións Técnicas debe estar operativa desde o inicio da proba.

9- Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas levarán consigo a anulación dos tempos conseguidos nos adestramentos, a exclusión da clasificatoria ou Final correspondente podendo chegar á exclusión do meeting.



## 6.2.- CRONOMETRAXE.

1.- O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

2.- A toma de tempos iniciarase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.

3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o condutor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido con pena de exclusión do meeting.

3.2.- Infórmase, que na tempada 2023, será obrigatorio o transponder "AMB", modelos TRANS X260 DP, nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo o cronometraxe oficial, co programa "Circuit Pro", fixado con remaches ou parafusos por diante do eixo dianteiro do vehículo a unha altura máxima de 60 cm con respecto á pista e como máximo a 60 cm. do bordo dianteiro do vehículo sen ningún material metálico ou de fibra de carbono entre o transponder e a pista. **Advertencia: Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, sen instalar, mal instalado, ou sen cargala batería, nas sesións de adestramentos oficiais saíra na clasificación co peor tempo da súa clase mais 2 segundos. Se esta situación se dese nas series das mangas clasificadorias, nas finais B ou nas finais de carreira, o piloto será clasificado segundo a súa posición final.**

No caso de un fallo de transponder o piloto será advertido. No caso de un segundo e sucesivos fallos, o piloto será clasificado nas series das mangas clasificadorias, nas finais B ou nas finais de carreira segundo a súa posición final mais 3 postos. Para o computo de segundos e posteriores fallos de transponder teranse en conta os fallos dos adestramentos oficiais.

4.-As quendas de adestramentos cronometraránse, volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da clasificatoria. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate, a segunda volta rápida, e así sucesivamente.

5.- Si un vehículo voltea na manga de adestramentos valerálle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumplidas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso da última volta pola liña de meta, se isto ocorrese na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

## 6.3.- GRELLAS.

6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2 a separación entre vehículos será de 6m. a 8m. entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

6.3.2.- Os participantes estarán na pregrilla de saída, trala saída da manga anterior, se non comparecesen, trala toma da bandeira de manga anterior quedaran excluídos e o seu posto na grella non será ocupado.

6.3.3.- No caso de que algún piloto non se puidera presentar na grella de saída na Final B serán chamados os vehículos reserva sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella, non se deixaran espazos libres.

6.3.4.- No caso de avaría estando colocado en grella de saída, no se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba e o seu posto quedará libre (agás cambiar unha roda co permiso do Director de Carreira).

6.3.5.- Nas finais, o condutor con dereito á "Pole-Position" poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Isto será valido soamente para a primeira liña, o resto da grella colocarase coa pole no lado da primeira curva.

6.3.6 – Se un piloto colocado na grella de saída nos adestramentos oficiais non poidera tomar a saída antes de que o primeiro vehículo chegue o penúltimo posto de control antes de liña de meta non poderá tomar a saída.

6.3.7.- As grellas formaranse, da seguinte forma:

- Adestramentos: por clasificación no Campionato (1ª proba por clasificación ano anterior), e as seguintes según a derradeira publicación do Campionato 2023.



- Mangas clasificatorias:

A 1º manga clasificatoria colocaranse polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.

A 2ª manga clasificatoria colocarase segundo a clasificación da 1ª manga clasificatoria.

- Final: Formarase segundo a suma da clasificación combinada da 1ª manga clasificatoria e da 2ª manga clasificatoria

#### 6.4.- SAÍDAS.

6.4.1.- Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

6.4.2.- Nas mangas clasificatorias a luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse.

6.4.3.- No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.

6.4.4.-As saídas anunciaranse 20 segundos antes cunha pancarta en cuxo interior figure unha inscrición de 20 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrarase outra pancarta coa inscrición 5 seg.

6.4.5.- A saída das mangas clasificatorias e Finais darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.6.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha F e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Clasificatoria ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 30 segundos, o cal se sumará ós obtidos na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:

20 seg.

5 seg.

60x40 cms

60x40 cms

(Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

**6.5.- BRIEFING.** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes dos adestramentos oficiais. O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impari-las normas de conducción, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obligatoriamente, e con control de asinamento so pena de exclusión dos adestramentos.

**6.6- SESIÓN ADESTRAMIENTOS LIBRES.** Realizase unha sesión de adestramentos libre formados por series de máximo 12 vehículos en tandas de 6 voltas. Cada piloto poderá facer todas as tandas que deseñe no tempo estipulado para a súa clase. A duración destas sesións de adestramentos libre será de 20 minutos por cada 10 inscritos autorizados en cada clase. A duración das sesións poderá variar en función do número total de inscritos na proba. Estas sesións de adestramentos libres poderanxe anular pola Dirección de carreira por causas de forza maior.

#### 6.7.- ADESTRAMIENTOS OFICIAIS.

6.7.1.- Cada serie de adestramentos de cada clase terá un mínimo de 5 e un máximo de 10 vehículos na pista á vez. Clasificaranxe para as mangas clasificatorias os 45 mellores tempos dos adestramentos.

6.7.2.- Os vehículos farán adestramentos separados por clases.

6.7.3.- A serie pararase canda o primeiro vehículo permaneza 6 voltas sobre a pista e cruce a meta.

6.7.4.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algúnn participante, se as causas xustificadas de forza maior lle impidiron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre e cando houbese sitio para él.

6.7.5.- Se nos adestramentos un coche voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados,



considerase retirado a tódolos efectos.

6.7.6.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avaría. Si un vehículo rompese antes de finaliza-la 1ª volta de adestramento, saírá de último na clasificatoria.

6.7.7.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.

**6.8.- MANGAS CLASIFICATORIAS.** Disputaranse dúas mangas clasificatorias:

A grella de 1ª clasificatoria confeccionarase segundo os tempos da mellor volta obtidos nos adestramentos oficiais de menor a maior.

En cada serie da primeira manga clasificatoria clasificaranse os pilotos pola posición conquerdida e outorgáráselle o primeiro clasificado 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos, o terceiro clasificado 3 puntos , e así sucesivamente. No caso de que varios pilotos empaten a puntos estes desempatarán polo mellor tempo dos adestramentos oficiais.

A grella da 2ª manga clasificatoria confeccionarase ca clasificación da 1ª primeira Clasificatoria ordenando de menor a maior puntuación. En caso de empate a puntos desempatarase polo mellor tempo obtido nos adestramentos oficiais. En cada serie da segunda clasificatoria clasificaranse os pilotos pola posición conquerdida e outorgáráselle o primeiro clasificado 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos, o terceiro clasificado 3 puntos , e así sucesivamente.

No caso de ter que constituír dúas ou mais series en cada manga clasificatoria ( mais de 15 vehículos ) terase en conta que dous ou mais vehículos consecutivos da clasificación dos adestramentos oficiais non coincidan na mesma serie da 1ª manga clasificatoria. E que dous ou mais vehículos consecutivos clasificados na 1ª manda clasificatoria non coincidan na mesma serie de 2ª manga clasificatoria.

As mangas clasificatorias disputaranse a 6 voltas.

6.8.1.- Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarase unha soa serie por manga clasificatoria.

6.8.2.- Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas series por manga clasificatoria.

6.8.3.- Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres series por manga clasificatoria.

6.8.4.- **Final B:** Disputarase a 6 voltas. Se non houvese un mínimo de 20 vehículos autorizados por clase non haberá Final B (mínimo de 6 na grella de saída) para poder celebrala. De non disputarse a Final B, os pilotos reservas deberán presentarse á grella da final, se faltase algún piloto (o seu posto será ocupado), o equipo que non se presente no seu lugar e tempo, pasara a ser último, contando os reservas. Completarase a grella con reservas ata 16 participantes.

**6.9.- FINAL A.** A final realizarase a un mínimo de 8 voltas e un máximo de 12 voltas (por causa de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos pódese facer as finais a 5 voltas). O número máximo de vehículos clasificados será de 15.

6.9.1.- Clasificados para a Final A:

-Se hai unha soa serie na manga clasificatoria, clasificaranse tódolos vehículos.

-Se hai dúas series en cada manga clasificatoria, sin FINAL B, clasificaranse os 15 mellores postos da Clasificatoria combinada. Con FINAL B clasificaranse os 13 mellores postos da clasificación combinada, mais os dous mellores postos da FINAL B.

- Se hai tres series en cada manga clasificatoria, clasificaranse os 13 mellores postos da clasificación combinada, e os dous mellores da Final B.

6.9.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque Pechado.

**6.10.- REGADURA DA PISTA.** O organizador deberá prever un sistema de regadura eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 30.000 litros de auga e con medios mecánicos suficientes. (Dúas cubas). O horario de regadura así como a súa cantidade queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

**6.11.- PARQUE PECHADO.**

6.11.1.- A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar ningún no vehículo obligatoriamente ata estar dentro do parque. (No caso contrario quedaría



descalificado). Os vehículos avariados irán o parque pechado.

6.11.2.- Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do Parque Pechado (no caso contrario quedaría descalificado), o levantamento do parque o deciden os Comisarios Deportivos, desde a publicación oficiosa haberá 30m para atender as posibles reclamacións.

6.11.3.- Para retiralo vehículo do Parque Pechado, será obligatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licenza de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

6.11.4.- O piloto será o único responsable do traslado do vehículo ó parque pechado e calquera infracción ás normas do parque pechado poderá chegar á EXCLUSIÓN do piloto.

#### **Artigo 7.- PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.**

- Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repetirse a saída tomando como referencia a orde inicial á que se aplicarán as penalizacións que puidera haber. Non entrarán máis pilotos e os postos que non se presenten a nova saída quedarán libres. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba sairán nas últimas posición da grella de saída.

- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60 % da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta e sumaranse os tempos obtidas nas dúas partes.

- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

#### **Artigo 8.- OBRIGACIÓN DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.**

1.- Os vehículos deberan mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto, so pena de exclusión da proba.

2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, mediante escrito-formulario presentado ó relación cos participantes, ou o Xefe de Boxes, de que non van tomar parte nunha manga, ou no resto da proba. Non facelo poderá supoñer a exclusión da proba.

3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa eilo baixo a vixilancia dun oficial de proba.

4.- Cortar o paso intencionadamente, a outro participante, ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se límite a evacuación do vehículo da pista, e se continua en carreira será descalificado.

6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.

7.- Os pilotos deberán mantelo cristal pechado durante a proba.

8.- Queda terminantemente prohibido circular dentro da zona de parque de traballo a unha velocidade excesiva a criterio do Xefe de Parque, así como realizar probas de vehículos en calquera zona do recinto do circuíto, a excepción que o organizador prevexa un espazo a tal fin, feito que deberá figurar no Regulamento Particular. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

9.- Cando un vehículo volteo (en adestramentos, ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva, e retiralo da pista).

10.- No caso de avaría, deberán os condutores sitúa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, será obligatorio co piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrientes.

11.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de penalización o



descalificación, e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

12.- Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.

13.- Todo piloto que non se presente ante un requerimento do Colexio de Comisarios Deportivos, será excluído da proba. As notificacións de citación ós pilotos serán por escrito mediante o Relación cos Participantes e irán por duplicado. Unha das copias será devolta ós Comisarios Deportivos asinada polo piloto dando así por entendido o coñecemento da citación.

14.- Durante o desenrolo das mangas (adestramientos, mangas clasificatorias e finais) será obrigatorio utilizar vestimenta ignífuga completa, incluíndo a roupa interior, con homologación FIA.

15.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

**BANDEIRA ROXA:** Presentada inmóbil e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obligatoria en tódolos postos de control.

**BANDEIRA NEGRA:** Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de exclusión.

**BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES:** Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conduta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de exclusión.

**BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA:** Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituir un perigo para o mesmo ou para os demais pilotos e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.

**BANDEIRA AMARELA:** Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos desde que se mostre ata rebasalo obstáculo, so pena de exclusión da manga onde se produza.

**BANDEIRA VERDE:** Pista libre.

**BANDEIRA AZUL:** Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intenta adiantalo. O significado destas bandeiras está explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

#### **Artigo 9.- TROFEOS POR PROBA E PREMIOS FINAIS.**

A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos os clasificados de todas as clases.

A entrega de trofeos pódese facer o finalizar de cada clase ó termo da proba. E obligatorio entregar unha coroa ó gañador de todas as clases. Os vehículos será obligatorio levalos antes da Entrega de Premios o Parque pechado.

Nas finais, para optar os premios en metálico, teranse que dar obligatoriamente a metade das voltas más una do total das previstas no regulamento.

Entregaranse para cada unha das Clases os seguintes premios en metálico recomendados pola Comisión de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento.

1.- Si saen ata 5 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	Trofeo
2º	Trofeo
3º	Trofeo

2.- Si saen dende 6 pilotos ata 9 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	200€ e Trofeo
2º	150€ e Trofeo
3º	100€ e Trofeo
<b>450 €</b>	



3.- Si saen dende 10 pilotos ata 13 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	240€ e Trofeo
2º	200€ e Trofeo
3º	130€ e Trofeo
4º	100€
<b>670 €</b>	

4.- Si saen dende 14 pilotos ata 17 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	300€ e Trofeo
2º	250€ e Trofeo
3º	150€ e Trofeo
4º	100€
5º	80€
<b>880 €</b>	

5.- Si saen dende 18 pilotos ata 24 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	350€ e Trofeo
2º	250€ e Trofeo
3º	150€ e Trofeo
4º	110€
5º	90€
6º	80€
7º	70€
<b>1.110 €</b>	

6.- Si saen dende 25 pilotos ata 29 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	425€ e Trofeo
2º	325€ e Trofeo
3º	225€ e Trofeo
4º	175€
5º	120€
6º	100€
7º	90€
8º	80€
<b>1.540 €</b>	

7.- Si saen mais de 30 pilotos autorizados (Inclusive):

1º	500€ e Trofeo
2º	400€ e Trofeo
3º	300€ e Trofeo
4º	250€
5º	200€
6º	150€
7º	120€
8º	100€
<b>2.020 €</b>	

#### Premios por proba Campionato Mix-Cross:

**Clase A**  
1º Trofeo

**Clase B**  
1º Trofeo

9.1.- Será obligatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, nin mecánicos e sen seareiros, de non facelo perderá o dereito tanto o trofeo como ó premio en metálico.

#### Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

#### Artigo 11.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumplimentadas, nun prazo non superior aos dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da proba, ó finalizala mesma.



## Artigo 12.- OFICIAS DA PROBA.

### Presidente Escudería/Comité Organizador:

D.ANA BELEN SIEIRA OTERO CD-0654-GA-AUT

### Comisarios Deportivos:

Presidente: D. FCO JAVIER RIAÑO LUEIRO DC-0257-GA-AUT  
D.DIEGO A. FERREIRA TRIÑANES CD-1120-GA-AUT  
D. ANTONIO PEREZ CID CD-0467-GA-AUT

### Observador da F.G. de A.:

D. ANTONIO J. GUITIAN VAZQUEZ OBS-0147-GA-AUT

### Director da Carreira:

D. MARCO A. RAMOS CASTRO DC-0743-GA-AUT

### Adxunto ó Director:

D. MARCOS SANCHEZ RAÑÓ OD-0655-GA-AUT (Xefe de seguridade)  
D.FROLAN PEREZ SABORIDO OD-1119-GA-AUT (Responsable comisarios de pista)  
D.DAVID BOUZÓN SIEIRA OD-1195-GA-AUT (Responsable de grellas)

### Comisarios de Verificacións Administrativas:

Presidente: D.ANA BELEN SIEIRA OTERO CD-0654-GA-AUT  
D.SERGIO HERBON PEREZ OD-1193-GA-AUT

### Comisarios Técnicos:

Presidente: D. IVAN GONZALEZ ABELEIRA JOC-0742-GA-AUT  
D.LORENZO LOJO GOMEZ JOC-1196-GA-AUT

### Xefe de Boxes:

D.JUAN VAZQUEZ RODRIGUEZ OD-1121-GA-AUT

### Relacións cos Participantes:

D.MARCOS MAGAN OTERO CD-0653-GA-AUT

### Cronometradores:

D. JOSE A. PENEDO MARTONES JOB-0666-GA-AUT  
D. VICENTE A. VAZQUEZ GOMEZ DC-0580-GA-AUT

### Comisarios de Ruta:

D.VALENTIN TORRADO RIAL OD-1122-GA-AUT  
D.SERGIO TEMBRA TORRADO OD-1125-GA-AUT  
D.ALFREDO REY REDONDO OD-1123-GA-AUT  
D.ANGEL S. REY OTERO OD-1162-GA-AUT  
D.JESUS M. GOMEZ CESPON OD-1124-GA-AUT  
D.SERGIO HERBON PEREZ OD-1193-GA-AUT  
D.DAVID LORENZO VIDAL OD-1126-GA-AUT

### Servizos Médicos: E.M.S. Galicia

Dona Ana Belen Sieira Otero, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número CD-0654-GA-AUT, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: DIRECTOR DA PROBA

N.I.F.: 32830111A

Licenza DC-0743-GA-AUT

ENTIDADE: ESCUDERIA RALLYACTIVIDAD COMPETICION

Asdo.: PRESIDENTE DONA ANA BELEN SIEIRA OTERO

C.I.F.: G-1597826

Licenza CD-0654-GA-AUT



Asdo.: Xefe Seguridade Vial  
N.I.F.: 52937198-F  
Licenza OD-0655-GA-AUT



CROQUIS/PLANO (SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTO  
LONXITUDE CIRCUÍTO: 970mts.

